

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR. CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

- 1.- Conforme o establecido no artigo 11 do Decreto do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous representante do alumnado**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. Estes serán elixidos para un período de catro anos (ata o 2028). O outro membro continúa, como consecuencia da súa elección no ano 2022, ata o 2026.
- 2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados en Educación Secundaria Obrigatoria e incluídos no Censo correspondente que a partir do día **28 de outubro** estará exposto no taboleiro de anuncios.
- 3.- O alumnado que desexe presentar a súa candidatura oficial poderá facelo segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio ou que se pode descargar da páxina web do centro. O prazo de presentación irá desde as **09:45** horas do día **29 de outubro ata as 14:00 horas día 9 de novembro**.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidato, o día **11 de novembro, ás 11:25** horas. Dita mesa estará composta pola Directora do Centro e dous alumnos/as, actuando como secretario o alumno/a de menor idade.
- 5.- As votacións realizaranse no Colexio **o día 18 de novembro, de 11:25 a 11:45** horas coincidindo co recreo.
- 6.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de 1 nome** da lista de candidatos/as presentados.
- 7.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

Touro, 28 de outubro de 2024.

A Directora do Centro e Presidenta da Xunta Electoral.

Asdo.: M^a Carmen Rendo López